



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Metodoloxía do ensino das linguas e literaturas galega e castelá en educación secundaria		Código	652608822
Titulación	6 Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria: Lingua e Literatura Galega e Lingua e Literatura Castelá			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación Letras			
Coordinación	Rodríguez Lopez-Vazquez, Alfredo	Correo electrónico	alfredo.lopez-vazquez@udc.es	
Profesorado	Pardo de Neyra Fernández-Couso, Xulio Rodríguez Lopez-Vazquez, Alfredo	Correo electrónico	xulio.pardodeneyra@udc.es alfredo.lopez-vazquez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Materia que ten por obxectivo mostrar ao alumnado os diversos enfoques metodolóxicos existentes para o ensino de linguas e literaturas e reflexionar sobre a súa idoneidade no marco da didáctica das linguas e literaturas galega e castelá na Educación Secundaria.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A17	Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.
A19	Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A20	Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.
A21	Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A22	Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas dos estudantes.
A23	Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A24	Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
A25	Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Valorar a importancia da innovación e a investigación coma estratexias para mellorar a calidade educativa na área da linguaxe.	AP19 AP23 AP25		CM5 CM6 CM8
Desenvolver os aspectos clave da formación inicial do profesorado de lingua e literatura castelá.	AP21 AP22		CM1 CM4 CM7
Analizar críticamente o currículo de E. Primaria e Infantil para lingua e literatura castelá, as prácticas docentes, e os materiais didácticos habituais	AP17 AP20 AP24		CM3
Formular propostas de investigación e innovación educativas	AP3		CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A metodoloxía na didáctica da lingua e da literatura galegas na Educación Secundaria	1. 1. Perspectivas e contexto
2. Métodos para o ensino da lingua galega na ESO e no Bacharelato	2. 1. Competencias, estratexias e conceptos afíns
3. Métodos para o ensino da literatura galega na ESO e no Bacharelato	2. 1. Competencias, estratexias e conceptos afíns
4. Análise de experiencias de innovación metodolóxica en didáctica da lingua e da literatura galegas	4. 1. Recursos e análise

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A3 A21 A19 C4 C5 C6 C7 C8	12	20	32
Lecturas	A17 A21 A24 A25 A19	0	10	10
Traballos tutelados	A20	1	12	13
Proba de ensaio	A19 C1	1	13	14
Obradoiro	A21 A22 A23 A25 A19 C1 C3	14	14	28
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A modo de introducións ou visións sintéticas dirixidas a todo o grupo, ofreceranse algunhas sesións en que o profesor se valerá do método expositivo
Lecturas	Proporcionaráselle ao alumnado materiais de lectura que servirán de base tanto para traballar nos obradoiros como para fomentar a súa participación nas sesións maxistras.
Traballos tutelados	Realización dun traballo tutelado, relacionado con calquera aspecto dos tratados no programa docente. Este será fundamental no momento de o alumnado superar con éxito a materia, na medida en que da índice da súa madurez científica.
Proba de ensaio	Con esta proba preténdese determinar tanto os coñecementos adquiridos polo alumnado durante o curso como a súa competencia en expresión escrita, a súa capacidade de relación e a súa madurez crítica.



Obradoiro	Coa finalidade de aprofundar no estudo de distintas cuestións relacionadas co ámbito da materia, combinaranse diversas metodoloxías e probas (exercicios de resumo, solución de problemas, prácticas guiadas, discusións, etc.), nalgúns casos facendo previamente as lecturas que o profesor/a establezca.
-----------	---

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lecturas Obradoiro Sesión maxistral Traballos tutelados Proba de ensaio	Calquera dúbida de carácter individual e/ou grupal será atendida tanto nas aulas como no horario de titoría, ora se ten a ver coas actividades no obradoiro ora co traballo titorizado, as lecturas ou a proba de ensaio. O alumnado con dispensa académica poderá compensar a súa ausencia cunha maior atención personalizada a través do horario de titoría e do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A17 A21 A24 A25 A19	Valoración da comprensión da(s) obra(s) lida(s) e das capacidades de análise, razoamento, relación e organización das súas posibilidades na didáctica da lingua	10
Obradoiro	A21 A22 A23 A25 A19 C1 C3	Valorarase a participación do/ a estudante nas diferentes actividades levadas a cabo na aula, tanto escritas como orais. É necesaria a asistencia ás aulas	10
Sesión maxistral	A3 A21 A19 C4 C5 C6 C7 C8	Atención e colaboración, participación nas aulas maxistras	10
Traballos tutelados	A20	Realización dun traballo tutelado que poderá ser realizado individualmente ou en grupo.	60
Proba de ensaio	A19 C1	Através dunha actividade teórica ou práctica o alumnado deberá mostrar o seu grao de asimilación das nocións e dos recursos que se lles presentaron, así como do seu aproveitamento didáctico	10

Observacións avaliación

Para aprobar a materia será necesario superar todas as partes, en calquera das dúas oportunidades, polo que será necesario obter no mínimo o 50% da puntuación en cada unha delas. Na segunda oportunidade o alumnado só repetirá as partes suspensas e manterá a nota daquelas que fosen superadas.

O sistema de avaliación (en ambas as oportunidades) será o mesmo tamén para aquel alumnado que teña dispensa académica

Fontes de información

Bibliografía básica	Aínda que o aparato bibliográfico se entregará puntualmente nas aulas e que, loxicamente, se atenderá principalmente aos traballos de investigación do profesor, como manuais principais de achegamento á miña cadeira, incidirase nesta bibliografía: Pardo de Neyra, X. (2017): Didáctica da lingua e da literatura galegas, Silleda: Edicións Fervenza____ (2018): Terra e memoria: a Terra de Miranda no proxecto territorial galego. Estudo e contextualización dun paradigma literario, Lugo: Concellos d'A Pontenova, Trabada e Riotorto, Deputación de Lugo et alii____ (2019): Á sombra de María Silgar. Carvalho Calero contra a historia única, Ferrol: Edicións Embora.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías